

ADMINISTRACIÓN LOCAL
MUNICIPAL
MEIS

Ordenanzas e Regulamentos

APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DIVERSAS ORDENANZAS FISCAIS

EDICTO

O Pleno do Concello de Meis, en sesión extraordinaria celebrada o día 25 de outubro de 2019, adoptou, entre outros, os seguintes acordos:

1.—Aprobación inicial da modificación da Ordenanza reguladora do prezo público pola impartición de cursos, ludotecas, viaxes culturais e/ou deportivas, campamentos xuvenís e outras actividades de natureza deportiva e/ou sociocultural .

2.—Aprobación inicial da Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo servizo de recollida de residuos sólidos urbanos, tratamento e eliminación dos mesmos, monda de pozos negros e limpeza en rúas particulares.

O Pleno do Concello de Meis, en sesión ordinaria celebrada o día 29 de novembro de 2019, adoptou, entre outros, os seguintes acordos:

3.—Aprobación inicial da modificación da Ordenanza reguladora da taxa pola utilización de instalacións deportivas no Concello de Meis.

Transcorridos os prazos de exposición ao público, (BOP nº 214 de 7 de novembro de 2019 e BOP nº 236 de 10 de decembro de 2019),sen presentación de reclamacións, procédese a efectuar a publicación do seu texto definitivo, co seguinte detalle:

**ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA IMPARTICION DE CURSOS,
LUDOTECAS, VIAXES CULTURAI E/OU DEPORTIVAS, CAMPAMENTOS XUVENÍS
E OUTRAS ACTIVIDADES DE NATUREZA DEPORTIVA E/OU SOCIOCULTURAL**

Artigo 1.—FUNDAMENTO

O Pleno do concello, en uso das facultades que lle confiren os artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, o artigo 22.2.d) e 22.2.e) e 106 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (en diante LBRL), Local en relación co artigo 55 do Real Decreto Legislativo 781/1986 de 18 de abril polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local e co artigo 50.3 do Real decreto 2568/1986 do 28 de novembro polo que se aproba o regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, tomando como base os artigos 2.1.e) e 127 do Real Decreto



Luns, 17 de febreiro de 2020

Núm. 32

lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (en diante TRLHL), ambos os dous en relación co capítulo VI do Título I do TRLHL, establece, a través da presente Ordenanza, o Prezo Público pola prestación e impartición de cursos, ludotecas, viaxes culturais e/ou deportivas, campamentos xuvenís e outras actividades de natureza deportiva e/ou sociocultural organizados ou impartidos polo propio concello.

Artigo 2.—OBXECTO

Os prezos públicos regulados na presente Ordenanza constitúense como prestacións patrimoniais de carácter público.

As devanditas prestacións patrimoniais deberán ser satisfeitas polos suxeitos que, voluntariamente, se inscriban ou soliciten algunha das actividades lúdicas, recreativas, culturais ou deportivas ofertadas polo concello de Meis, sempre que as mesmas non sexan de solicitude ou recepción obrigatoria polos usuarios.

Artigo 3.—SUXEITOS OBRIGADOS AO PAGAMENTO

Os usuarios ou beneficiarios dos servizos ou actividades mencionadas no artigo 1 da presente ordenanza deberán aboar o prezo público establecido para cada un dos servizos ou actividades, tendo en conta as posibles bonificacións que poidan existir.

Artigo 4.—ESTABLECEMENTO E CONTÍA

1. O establecemento ou modificación das contías dos prezos públicos regulados pola presente Ordenanza serán determinados pola Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno do Concello, de conformidade co establecido no artigo 47.1 do TRLHL en relación co artigo 23.2.b) da Lei 7/1985, unha vez se determinen as actividades e servizos que se prestarán cada ano.

As contías dos prezos públicos regulados nesta Ordenanza gravaranse co IVE correspondente, nos casos en que así proceda, de acordo coa normativa vixente en cada momento.

2. A estes efectos, sempre con carácter previo ao inicio das actividades, a Xunta de Goberno Local, tomando como base os informes sobre as actividades emitidos pola Concellaría de Cultura e Deporte nos que deberá constar o custo total das actividades a realizar/prestar e o número estimado de participantes establecerá, previo informe da Intervención municipal, o prezo concreto para cada actividade desenvolvida, de conformidade sempre co artigo 44.1 do TRLHL segundo o cal o importe dos prezos públicos deberá cubrir como mínimo o custo do servizo prestado ou da actividade desenvolvida.

Cando existan razóns sociais, benéficas, de interese cultural ou público o Concello fixará prezos públicos por debaixo do custo real establecido no parágrafo precedente. Nestes casos, tal e como determina o artigo 44.2 TRLHL, nos orzamentos do Concello deberán consignarse as dotacións oportunas para dar cobertura á diferenza existente entre o prezo público solicitado e o custo real do servizo ou actividade desenvolvida.

Luns, 17 de febreiro de 2020

Núm. 32

O Concello poderá reducir ou eximir da contía dos prezos públicos a aboar polos interesados, previo acordo da Xunta de Goberno Local, nos seguintes supostos:

1. REDUCIONS OU BONIFICACIONES:

a) Actividades con dous participantes do mesmo grupo familiar ou nos supostos de familia numerosa. Deberá achegarse libro de familia para a acreditación de tal redución. (nos termos da memoria económico-financeira que determina o catálogo de prezos das actividades).

b) Inscripción dun mesmo participante en máis dunha actividade. (nos termos da memoria económico-financeira que determina o catálogo de prezos das actividades).

c) Persoas maiores de 65 anos, maiores de 61 anos xubiladas ou menores de 21 anos. (nos termos da memoria económico-financeira que determina o catálogo de prezos das actividades)

2. EXENCIONS:

a) Situacións de emerxencia social de usuarios, previo informe dos servizos sociais do Concello, de conformidade coa Ordenanza de emerxencia social da Entidade.

b) Desempregados de longa duración (inscritos como demandantes de emprego de xeito ininterrompido durante 22 meses ou mais) para o cal deberán achegar documento acreditativo de situación de desemprego expedido pola oficina de emprego correspondente.

c) Persoas con discapacidade en grao igual ou superior ao 65 por cento, para o cal deberán achegar certificado oficial de discapacidade no seu caso.

Artigo 5.—NORMAS DE XESTIÓN

A obriga de pagar o prezo público determinado de conformidade co recollido no artigo 4 da presente Ordenanza xorde dende que se preste o servizo ou dende que se inicie a actividade concreta.

O ingreso poderá efectuarse en calquera das entidades bancarias nas que o Concello ten contas abertas pero non se prestará o servizo ou actividade solicitados se polo interesado non se presenta o xustificante de efectuar o ingreso.

Igualmente poderá efectuarse o ingreso do prezo público mediante domiciliación bancaria para o que os obrigados ao pago deberán notificalo directamente á Administración municipal mediante impreso que a tal efecto lles será facilitado.

En todo caso, as comunicacións deberán efectuarse polo menos 10 días naturais antes do comenzo do período recadatorio estipulado ao efecto.

As comunicacións efectuadas con posterioridade a dito prazo surtirán efectos no seguinte período cobratorio.



Luns, 17 de febreiro de 2020

Núm. 32

No suposto de que, por causas alleas aos solicitantes, se deixase de realizar a actividade ou o servizo solicitados, os interesados poderán pedir o reembolso das cantidades ingresadas en concepto de prezo público.

As débedas por prezos públicos esixiranse polo procedemento de prema, unha vez finalizado o período de ingreso en voluntaria.

DIPOSICIÓN FINAL ÚNICA: ENTRADA EN VIGOR

A presente Ordenanza, entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa derogación ou modificación.

ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR SERVICIOS DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS, TRATAMENTO E ELIMINACIÓN DOS MESMOS, MONDA DE POZOS NEGROS E LIMPEZA EN RÚAS PARTICULARES

Artigo 1º. Natureza e fundamento

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e os artigos 20 e 58 da Lei 39/88, de 28 de decembro, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/88, de 28 de decembro, acorda a imposición e ordenación da Taxa por servizos de recollida de residuos sólidos urbanos, tratamento e eliminación dos mesmos, monda de pozos negros e limpeza en rúas particulares.

Artigo 2º. Feito imponible

Constitúen o feito imponible da Taxa a prestación dos servizos de recepción obrigatoria de recollida de lixos domiciliarios e residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos onde se exercen actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas e de servizos. Así mesmo constitúen o feito imponible desta taxa a monda de pozos negros e a limpeza en rúas particulares.

Artigo 3º. Suxeitos pasivos

- Serán suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria que ocupen ou utilicen as vivendas e locais situados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas nas que se preste o servizo, xa sexa a título de propietario ou de usufructuario, habitacionista, arrendatario ou incluso de precario.

- Terán a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte os propietarios das vivendas ou locais que poderán repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios daquelas, beneficiarios do servizo.



Luns, 17 de febreiro de 2020

Núm. 32

Artigo 4º. Responsables

— Serán responsables solidarias das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria.

— Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei xeral tributaria.

Artigo 5º. Cota tributaria

A cota desta taxa será a que figura no anexo desta ordenanza.

Artigo 6º. Beneficios fiscais

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

Artigo 7º. Percepción

A) Cando se trate de servicios non periódicos:

Percíbese a taxa e nace a obriga de contribuír cando se presente a solicitude de prestación do servicio ou actividade.

B) Cando se trate de servicios periódicos:

Percíbese a taxa e nace a obriga de contribuír o primeiro día de cada ano natural, excepto cando se produza a alta no padrón, neste caso a percepción producirase a partir dese mesmo mes.

Artigo 8º. Liquidación

A) Cando se trate de servicios non periódicos:

— Cando se trate de servicios ou actividades cunha liquidación que se poida cuantificar no momento de presenta-la solicitude de prestación, liquidarase nese mesmo momento ou no momento posterior, pero sempre antes de presta-lo servicio ou de realiza-la actividade.

— Cando se trate de servicios ou actividades cunha liquidación que non se poida cuantificar no momento de presenta-la solicitude da prestación do servicio ou da realización da actividade, practicarase a liquidación unha vez prestado o servicio ou realizada a actividade.

— Se se realiza a prestación do servicio ou a actividade sen mediar solicitude, liquidarase e notificarase a taxa tan pronto se detecte esta situación, esixíndose o ingreso nos prazos previstos no Regulamento xeral de recadación para a liquidación de contraído previo, sen prexuízo de abri-lo oportuno expediente sancionador por infracción tributaria.



Luns, 17 de febreiro de 2020

Núm. 32

B) Cando se trate de servicios periódicos:

Practicarase a liquidación única anual ou coa periodicidade que se determine nas tarifas desta taxa.

Artigo 9º. Ingreso

O pagamento desta taxa realizarase:

— Cando se trate de liquidacións cunha cuantificación que se poida efectuar antes de presta-lo servicio ou de levar a cabo a actividade, realizarase o ingreso antes da prestación do servicio ou realización da actividade na Tesourería municipal ou nas entidades financeiras que se sinalen na liquidación.

— Cando se trate de liquidacións cunha cuantificación que non se poida efectuar con anterioridade á prestación do servicio ou realización da actividade, farase o ingreso nos prazos e lugares que se sinalen na liquidación.

— Cando se trate de liquidacións periódicas, nos prazos e nos lugares que se sinalen no edicto de exposición ó público.

Artigo 10º. Infraccións e sancións

Nesta materia estarase ó disposto na Lei xeral tributaria e normativa de desenvolvemento.

Artigo 11º. Normas de xestión

— As persoas ou entidades interesadas na prestación dos servicios que se citan no artigo segundo desta ordenanza, deberán presentar solicitude por escrito na que se detalle o lugar para o que se solicita e os demais requisitos que esixa o concello.

— Unha vez autorizada a prestación do servicio entenderase prorrogado mentres non se presente a declaración de baixa polo interesado, a non ser que se trate de servicios non periódicos.

— Cando remate a necesidade do servicio, por cambio de propietario ou declaración de ruína do inmovible, os suxeitos pasivos substitutos do contribuínte formularán as declaracións de baixa no padrón da taxa e surtirán efectos no período natural seguinte ó da súa presentación, podendo, no seu caso, prorratearse por meses. A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA

Cando existan os convenios de colaboración ós que fai referencia o artigo 27.2 da Lei 39/88, do 28 de decembro, os procedementos de liquidación e recadación regulados nos artigos 8 e 9 desta ordenanza cederán ante a regulación prevista nos convenios.



Luns, 17 de febreiro de 2020

Núm. 32

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal, cunha redacción definitiva aprobada polo Pleno da corporación na sesión que tivo lugar na data que se expresa no anexo a esta ordenanza, entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 1999.

*ANEXO**Primeiro. Tarifa*

PARA APLICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR SERVICIOS DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS, TRATAMENTO E ELIMINACIÓN DOS MESMOS, MONDA DE POZOS NEGROS E LIMPEZA EN RÚAS PARTICULARES

Concepto: Por recollida de residuos sólidos urbanos e tratamento e eliminación

<i>Grupos</i>	<i>Euros</i>
1. Vivendas (unidade)	
a) NUCLEO URBANO	78
b) RESTO CONCELLO	76
2. LOCAIS COMERCIAIS, DE SERVIZOS, SUPERMERCADOS ATA 120 M2, TABERNAS, BARES, HOSPEDERÍAS, CASAS DE TURISMO RURAL, PEQUENOS OBRADOIROS E INDUSTRIAS ARTESANAIS ATA TRES EMPREGADOS E SIMILARES	180
3. PUBS E CAFETERIAS.	270
4. ENTIDADES BANCARIAS	460
5. RESTAURANTES, SUPERMERCADOS, CAFETERIAS DE CATEGORÍA ESPECIAL, SALAS DE FESTAS ,HOTEIS, MOTEIS E APARTAHOTEIS	560
6. INDUSTRIAS CÁRNICAS OU DE ELABORACIÓN DE PEIXES, NAVES INDUSTRIAIS E ADEGAS	660

O periodo impositivo é de anos naturais.

O periodo de liquidación é de semestres naturais

Segundo.—Bonificación

Sobre as tarifas vixentes aplicaranse as seguintes bonificacións:

- Ano 2020: 11,4 % (que inclúe a bonificación adicional do 5,7 % do ano 2019 e do 5,7% do ano 2020)
- Ano 2021 e sucesivos (en tanto se manteña esta bonificación na contía do canon unitario de tratamento por tonelada): 5,7 %.



Luns, 17 de febreiro de 2020

Núm. 32

Terceiro. Outras normas especiais de xestión

En virtude do disposto no artigo 24.4 da Lei 39/1988, reguladora das facendas locais e tendo en conta a situación económica dos suxeitos obrigados ó pago da taxa, poderase conceder por acordo expreso da Comisión de Goberno, unha redución do 50 % ós maiores de 65 anos cunha renda da unidade familiar inferior á pensión mínima contributiva.

Para obte-lo dito beneficio deberallo solicitar á Alcaldía, con xustificación documental das circunstancias persoais do solicitante, debendo achegar xunto á solicitude:

- Informe sobre a residencia efectiva e sobre as persoas que integran a unidade familiar.
- Certificación de empadramento, subministrada polo Concello.
- Certificación de ingresos da persoa solicitante e das persoas que convivan con ela.
- Copia da última declaración do IRPF dos compoñentes da unidade familiar, referida ó exercicio precedente.
- Declaración xurada de ingresos, avaliada polo Servicio Social do Concello.

No caso de carecer dos ingresos mencionados, deberase achegar documentación negativa dos Organismos competentes da Seguridade Social, do INEM e Facenda; e declaración xurada negativa de ingresos, avaliada polo Servicio Social do Concello.

Cuarto: Data de aprobación

Esta ordenanza resultou aprobada polo Pleno do Concello na sesión do 13 de outubro de 1998, e modificada en sesións de 26/09/2005, 19/11/2007, e 31/07/2012.

A presente modificación que afecta ao anexo da tarifa da Ordenanza Fiscal Reguladora desta taxa, aprobada polo Pleno da Corporación en sesión de data 25/10/2019, entrará en vigor o día seguinte da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2020, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN
DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS***Artigo 1.—FUNDAMENTO Y NATUREZA*

O Pleno do concello, en uso das facultades que lle confiren os artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, o artigo 22.2.d) e 22.2.e) e o 106 da Lei 7/1985 do 2 de abril de Bases do Réxime Local en relación con o 55 do Real Decreto Legislativo 781/1986 de 18 de abril polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local así como polo artigo 64.2.d) e f) da Lei 5/1997 do 22 de xullo de Administración Local de Galicia, e do artigo 50.3 do Real decreto 2568/1986 do 28 de novembro polo que se aproba o regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; e



Luns, 17 de febreiro de 2020

Núm. 32

polos artigos 2.b) 15 a 19 e 57 do Real decreto lexislativo 2/2004 polo que se aproba o texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (en diante LRHL), acorda a imposición e regulación dunha Taxa pola utilización dos servizos e instalacións deportivas municipais.

Artigo 2.—OBXECTO

As instalacións deportivas municipais ás que se fará referencia na presente Ordenanza resultan ser:

- Pavillón Polideportivo.
- Campo de fútbol de A Armenteira. O uso e xestión do mesmo corresponde ao concello de Meis.
- Campo de fútbol de Zacande.
- Campo de fútbol de O Mosteiro.
- Calquera outra instalación de natureza deportiva, que no futuro se edifique ou constrúa no termo municipal de Meis e cuxa titularidade, uso ou xestión corresponda ao Concello de Meis.

Artigo 3.—FEITO IMPOÑIBLE

De conformidade co estipulado no artigo 20 da LRHL o feito impoñible da presente taxa configúrase pola utilización de calquera das instalacións enumeradas no artigo 2.

Artigo 4.—SUXEITOS PASIVOS

Resultan suxeitos pasivos aos efectos do artigo 23.1.a) da LRHL e do artigo 36.1 da Lei 58/2003 Xeneral Tributaria, en concepto de contribuíntes, e polo tanto obrigados ao pagamento da taxa correspondente: as persoas físicas ou xurídicas, así como as entidades carentes de personalidade xurídica determinadas no artigo 35.4 da Lei 58/2003 que soliciten a utilización, disfrute ou aproveitamento das instalacións deportivas referidas no artigo 2 da presente ordenanza.

Artigo 5.—RESPONSABLES

Serán responsables solidarios do pagamento da taxa ante o impago do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas as que se refiren os artigos 38.1, 39 40.1, 40.2 e 42 da Lei Xeral Tributaria.

Serán responsables subsidiarios do pagamento da taxa os administradores das sociedades, e os administradores concursais nos supostos de declaración de concurso aos efectos da Lei 22/2003 do 9 de xullo Concursal, así como os liquidadores das sociedades e entidades, e os demais responsables determinados no artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

Nos supostos de extinción ou disolución sen liquidación de sociedades mercantís, ou en caso de disolución das fundacións ou entidades ás que se refire o articulo 35.4 da Lei Xeneral Tributaria, as obrigas tributarias pendentes destas transmitiranse ás persoas ou entidades que



Luns, 17 de febreiro de 2020

Núm. 32

sucedan ou que sexan beneficiarias da correspondente operación e aos destinatarios dos bens e dereitos das fundacións ou aos partícipes ou cotitulares das entidades do artigo 35.4.

Esta norma tamén será aplicable a calquera suposto de cesión global do activo e pasivo dunha sociedade mercantil.

Artigo 6.—BENEFICIOS FISCAIS

Só se admitirán beneficios fiscais que se atopen establecidos pola lexislación vixente que sexa de aplicación, sempre e cando polo beneficiario se acredite a existencia do beneficio así como o cumprimento de todos os requisitos e obrigas que xeran o dereito ao beneficio fiscal.

Artigo 7.—COTA TRIBUTARIA

A contía da taxa polo uso e disfrute das instalacións deportivas será:

- Pola utilización das instalacións deportivas descritas no artigo 2 da presente Ordenanza:

UTILIZACIÓN INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS (artigo 2)
12 euros /hora

Artigo 8.—EXENCIÓNS

O concello poderá autorizar a exención do abono das tarifas referidas aos campos de fútbol, cando as instalacións sexan utilizadas polos Clubs de Fútbol federados para os adestramentos ou celebración de partidos.

Tamén estarán exentos do pagamento a utilización das instalacións por causa de competicións ou eventos deportivos organizados ou patrocinados polo concello de Meis.

Así mesmo o concello poderá conceder a exención aos Centros Públicos de Ensino radicados en Meis que carezan de instalacións deportivas suficientes e soliciten o uso das instalacións deportivas municipais.

Artigo 9.—REMUNERACIÓN E PERÍODO IMPOSITIVO

A obriga do abono da taxa xorde cando se autorice o uso, disfrute ou aproveitamento das instalacións deportivas municipais, previa solicitude do interesado, debendo entregar un xustificante do ingreso efectuado para poder utilizar as instalacións deportivas.

Artigo 10.—PROCEDIMENTO E TRAMITACIÓN DE SOLICITUDES DE UTILIZACIÓN E GOCE

O interesado deberá formular unha solicitude acorde coa lei 39-2015, de procedemento administrativo das Administracións públicas, incluíndo, ademais, a instalación, a hora, e o período de tempo que se fará uso das instalacións.



Luns, 17 de febreiro de 2020

Núm. 32

Corresponderá á consellería correspondente na area informar sobre a concesión ou non da solicitude; a este informe, en caso de que autorice o uso, acompañarase a liquidación que debe practicar o interesado.

Unha vez practicado o abono das taxas e de acreditalo ante a referida consellería co recibo do ingreso, poderase utilizar a instalación nos días e horarios determinados no informe da concellaría.

En caso de que por causas imputables ao solicitante, finalmente non se utilice ou goce a instalación, iso non outorga dereito á devolución das taxas, que só caberá cando non sexa posible a utilización da instalación debido a causas imputables ao concello.

Artigo 11.—RÉXIME DE DECLARACIÓN E INGRESO

Aos efectos previstos no artigo anterior, o ingreso da taxa efectuarase polo petionario en calquera das entidades bancarias nas que o concello de Meis teña aberta conta, servindo o recibo do ingreso como xustificante do pagamento.

No momento da utilización de calquera das instalacións deportivas e mentres dure a devandita utilización, os interesados deberán dispoñer en todo momento do xustificante do ingreso e do informe favorable da consellería de cultura, xa que lle poderán ser solicitados en calquera momento, o incumprimento desta obriga será cualificado como infracción leve, podendo dar lugar ás sancións previstas na Lei Xeral Tributaria para as infraccións deste carácter.

Artigo 12.—INFRACCIÓNS E SANCIÓN

Calquera infracción dos preceptos e obrigas emanados desta Ordenanza, será sancionada de conformidade co Título IV da Lei Xeral Tributaria, así como na normativa que a desenvolva ou substitúa.

Artigo 13.—RESPONSABILIDADE POLO DETERIORO OU ROTURA DO MATERIAL OU DAS INSTALACIÓNS

Os usuarios das instalacións deportivas do concello de Meis estarán suxeitos ás responsabilidades derivadas do deterioro ou rotura dos materiais ou instalacións deportivas das que fixesen uso.

Para cubrir tal eventualidade, no informe do a concellaría correspondente, poderase esixir un depósito previo para responder dos danos e prexuízos causados; este depósito poderá ser constituído en metálico ou a través de aval bancario e o seu importe non será superior a 50 euros.

Se os danos producidos fosen superiores á cifra deixada como depósito o usuario ou usuarios responsables poderán ser conminados ao pagamento dos danos causados polas vías ordinarias, incluída a xudicial.

A esixencia desta responsabilidade non exclúe as sancións administrativas que resultasen pertinentes segundo a lexislación que lle resulte de aplicación.



Luns, 17 de febreiro de 2020

Núm. 32

Os usuarios serán responsables interviñera dolo ou simple negligencia

Artigo 14.—EXENCIÓN DE RESPONSABILIDADE DO CONCELLO DE MEIS

O concello non se fará responsable dos danos e prexuízos físicos ou materiais sufridos polos usuarios nas instalacións deportivas cando estes se deban a unha utilización negligente da mesma ou dos seus materiais.

Así mesmo, o concello tampouco será responsable dos roubos ou furtos producidos nas súas instalacións deportivas, sendo deber dos usuarios a conservación das súas pertenzas.

Artigo 15.—EVENTOS DEPORTIVOS

A celebración de calquera tipo de eventos deportivos nas instalacións municipais por parte de calquera asociación, entidade ou persoa física ou xurídica, requirirá a autorización previa e expresa do concello, que non se concederá se tal evento non conta cos permisos e autorizacións autonómicas ou estatais que sexan obrigatorias, así como cos seguros de responsabilidade civil ou calquera outros que resulten obrigatorios.

A devandita autorización do concello concederáse tras a solicitude presentada polo promotor do evento con polo menos un mes de antelación á súa celebración.

Na solicitude presentada ante o concello constarán, ademais dos datos obrigatorios a tenor da Lei 39-2015, as autorizacións pertinentes de calquera organismo anteriormente mencionadas así como as datas de celebración; á solicitude haberá de acompañarse, así mesmo, o xustificante do ingreso das taxas pola celebración do evento.

Neste suposto, as taxas que deben ser aboadas variarán segundo o número de participantes no evento; así:

Entre dous e cinco participantes: 50 euros.

Entre seis e dez participantes: 80 euros.

Máis de dez participantes: 100 euros.

Este artigo aplicarase exclusivamente sempre e cando entre o promotor da actividade e o concello non se asinara un convenio que regule a celebración de eventos deportivos desta natureza, en cuxo caso estarase ao disposto no convenio, mentres este subsista.

Sempre que, durante a celebración do evento referido, e dentro do recinto da instalación deportiva de que se trate, instálense postos ou puntos de venda de bebidas ou comidas o promotor deberá facelo constar na solicitude, aumentándose a taxa que deba ser aboada en razón aos participantes en 40 euros por cada punto de venda ou expedición de bebidas e comidas.



Luns, 17 de febreiro de 2020

Núm. 32

O incumprimento de calquera das estipulacións recollidas neste artigo dará lugar, sen prexuízo das accións civís, administrativas ou penais que puidesen corresponder, á denegación automática de calquera outra actividade deportiva que o promotor solicitase.

DIPOSICIÓN FINAL ÚNICA: ENTRADA EN VIGOR.

A presente Ordenanza, segundo estipula o artigo 107 da Lei 7/1985 do 2 de abril, entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa derogación ou modificación.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:8L8NU4JN5XPZLHCZ

